

Seguen antecedentes de feito e fundamentos de dereito.

Decido que estimando a demanda interposta pola procuradora Sra. Saborido Ledo, en nome e representación de M^a del Mar Rodríguez Quintela, contra Ramón Miguel Fernández Mariño, en rebeldía:

1. Debo decretar e decreto a separación, con tódolos efectos legais do matrimonio contraído por Ramón Miguel Fernández Mariño e M^a del Mar Rodríguez Quintela o día 11 de maio de 1996.

2. Sen facer especial pronunciamento sobre as custas causadas.

Unha vez firme esta sentenza remítase testemuño desta ó Rexistro Civil de Ponteareas, para que practique a oportuna anotación marxinal no asento correspondente ó matrimonio dos cónxuxes ós que afecta.

Notifíquese esta resolución ás partes, facéndolles saber que contra ela cabe interpoñer recurso de apelación que deberá prepararse dentro dos cinco días seguintes á súa notificación, para a súa resolución pola Audiencia Provincial de Pontevedra. Líbrese testemuño desta, que quedará unida ós autos da súa razón, incluíndose o orixinal no libro de sentencias deste xulgado.

Así, por esta miña sentenza, pronúncioo, mándoo e asínoo».

Asinado. Eva M^a Puerto Aguado, perante min. Henrique Perianes Estévez, segue a publicación.

E para que conste e sirva de notificación en forma ó demandado rebelde en ignorado paradoiro Ramón Miguel Fernández Mariño, expido e asino este edicto en Ponteareas o cinco de novembro de dous mil dous.

O secretario
Rubricado

XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO SEIS DE PONTEVEDRA

Edicto (525/2002).

Por auto do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número seis de Pontevedra do 22 de xaneiro de 2003, dictado no xuízo voluntario de quebra de *Nueva Forja Pino, S.L.L.*, instado polo procurador Senén Soto Santiago, en representación de *Nueva Forja Pino, S.L.L.*, en estado de quebra, que quedou incapacitada para a administración e disposición dos seus bens. Decláranse vencidas tódalas súas débedas a prazo, polo que se lle prohíbe ó quebrado/a facer pagamentos ou entregar bens, debendo verificalo a partir de agora o depositario administrador Rafael López Mera e, posteriormente, os síndicos, con apercibimento de que no se

lles considerará descargados das súas obrigas e prevese a todas aquelas persoas no poder das cales existan bens pertencentes ó/á quebrado/a, para que llelo manifesten ó comisario Óscar Manuel Salvador Núñez, entregándolle nota destes, baixo apercibimento de seren considerados ocultadores de bens e cómplices do/a quebrado/a.

Pontevedra, 22 de xaneiro de 2003.

Rubricado

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO UN DA CORUÑA

Edicto (865/2002).

Agustín Ignacio Pena López, secretario do Xulgado do Social número un da Coruña, fago saber que nos autos número 865/2002 seguidos por instancia de Susana Santos Mouzo contra *Cartex 2001, S.L.* e Fogasa sobre reclamación de cantidades, a maxistrada-xuíza deste xulgado, Isabel Olmos Parés, dicou sentenza, con data do 24 de febreiro de 2003, coa seguinte parte dispositiva:

«Que estimando a demanda presentada por Susana Santos Mouzo, debe declarar e declaro o dereito da demandante a percibi-la cantidade de 2.688,41 euros polos conceptos que se expresan no feito probado segundo desta resolución e, nese sentido, debo condenar e condeno a empresa *Cartex 2001, S.L.* a que, aténdose e pasando por tal declaración lle aboe ó demandante a cantidade de 2.688,41 euros en concepto de salarios.

E debo absolver e absolvo o Fogasa sen prexuízo da súa responsabilidade subsidiaria nos casos previstos no artigo 33 do Estatuto dos traballadores.

Notifíquelles esta sentenza ás partes, ás que se lles fará saber que, en contra da dita resolución cabe o recurso de suplicación, que deberá de anunciarse perante este xulgado no prazo de cinco días, contado desde a notificación desta sentenza, por comparecencia, ou por escrito das partes, o seu avogado ou representante legal, designando o letrado que deberá de presentalo. É posible o anuncio por mera manifestación daquela ó ser notificada, e que será resolto, se é o caso e cumpridos os trámites legais, pola Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. A empresa condenada deberá así mesmo, acreditar, ó anuncia-lo recurso, ter consignado o importe da condena na conta de consignacións deste xulgado aberta no *Banco Bilbao Vizcaya*, conta nº 5602-60, e que pode substituírse polo aseguramento mediante aval bancario, constando a responsabilidade solidaria do avalista, máis outra cantidade de 150,25 euros na mesma conta e en calidade de depósito, nun impreso separado do importe da condena.

Así, por esta miña sentenza, pronúncioo, mándoo e asínoo».

E para que lle sirva de notificación á empresa *Cartex 2001, S.L.* que tivo o seu último enderezo coñecido en r/ Pedro Monteagudo, 11, baixo, Arteixo, A Coruña, e que na actualidade se descoñece, e co fin da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, expido e asino este edicto na Coruña o 24 de febreiro de 2003.

O secretario xudicial
Rubricado

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO DOUS DA CORUÑA

*Cédula de notificación de sentenza
(600/2002).*

Jaime Balado Yáñez, secretario xudicial do Xulgado do Social número dous da Coruña, dou fe e testemuño nos autos seguidos perante este xulgado do social, tramitados baixo o número 600/2002, contra empresa *Lider Sport Ediciones, S.L.* sobre reclamación de cantidade, dictouse a seguinte sentenza:

«Sentencia.

A Coruña, 27 de febreiro de 2003.

Jorge Hay Alba, maxistrado-xuíz do Xulgado do Social número dous desta cidade, viu os presentes autos de xuízo número 600/2002, seguidos por instancia de María José Vilas Cancela e Ramiro Freire Sánchez, maiores de idade, asistidos polo letrado José Páramo Sureda, contra a empresa *Lider Sport Ediciones, S.L.*, Fondo de Garantía Salarial, que non compareceron en autos, sendo o obxecto da reclamación de salarios.

Seguen feitos e fundamentos xurídicos.

Decido que estimando a demanda interposta polos demandantes M^a José Vilas Cancela e Ramiro Freire Sánchez, contra a empresa *Lider Sport Ediciones, S.L.*, condeno a demandada a aboar 4.552,20 euros a favor de María José Vilas Cancela e 2.021,84 euros a favor de Ramiro Freire Sánchez polos conceptos reclamados na demanda.

Notifíquelles esta resolución ás partes, ás que se lles fará saber que contra a referida só cabe recurso de suplicación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, anunciándose ante este xulgado no prazo de cinco días contados a partir da notificación desta sentenza, e no propio termo, se o recorrente non goza do beneficio da xustiza gratuíta, deberá, ó anuncialo, entrega-lo xustificante acreditativo de consignación da cantidade de 150,25 euros na conta de depósitos e consignacións que este xulgado ten aberta no *Banesto* desta cidade, co número de conta 0030-6349-0000-5603, clave 65, facendo constar no ingreso o número do expediente.

Así, por esta miña sentenza, definitivamente xulgando en primeira instancia, pronúncioo, mándoo e asínoo».

E para que sirva de notificación á empresa *Lider Sport Ediciones, S.L.*, que ten o seu enderezo descoñecido, mediante a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, expido e asino esta cédula na Coruña, 28 de febreiro de 2003.

O secretario xudicial
Rubricado

*Cédula de notificación de sentenza
(871/2002).*

Jaime Balado Yáñez, secretario xudicial do Xulgado do Social número dous da Coruña, dou fe e testemuño, nos autos seguidos perante este xulgado do social, tramitados baixo o número 871/2002 por instancia de Jesús Sanmiguel Alvariño e outro, sobre salarios, dictouse a seguinte sentenza:

«Sentencia.

A Coruña, 28 de febreiro de 2003.

Jorge Hay Alba, maxistrado-xuíz do Xulgado do Social número dous desta cidade, viu os presentes autos de xuízo número 871/2002, seguidos por instancia de Jesús Sanmiguel Alvariño e José Pájaro Pérez, maiores de idade, asistidos polo letrado José Páramo Sureda, contra a empresa *Informática y Comunicaciones, S.A.-Incosa* e o Fondo de Garantía Salarial, que non compareceron nos autos, sendo o obxecto da reclamación, salarios.

Seguen feitos e fundamentos xurídicos.

Decido que debo estimar e estimo a demanda interposta polos demandantes contra a empresa *Informática y Comunicaciones, S.A.-Incosa*, condenando a demandada a aboar ós demandantes as cantidades seguintes: a Jesús Sanmiguel Alvariño, 2.799,36 euros e a José Pájaro Pérez, 2.836,68 euros, polos conceptos reclamados na demanda.

Notifíquelles esta resolución ás partes, ás que se lles fará saber que contra a referida só cabe recurso de suplicación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, anunciándose ante este xulgado no prazo de cinco días contado a partir da notificación desta sentenza, e no propio termo, se o recorrente non goza do beneficio da xustiza gratuíta deberá, ó anuncialo, entrega-lo xustificante acreditativo de consignación da cantidade de 150,25 euros na conta de depósitos e consignacións que este xulgado ten aberta no *Banesto* desta cidade, co número de conta 0030-6349-0000-5603, clave 65, facendo constar no ingreso o número do expediente.

Así, por esta miña sentenza, definitivamente xulgando en primeira instancia, pronúncioo, mándoo e asínoo».

E para que sirva de notificación á empresa *Informática y Comunicaciones, S.A.-Incosa*, que ten o seu